



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 384

IX lexislatura

1 de decembro de 2014

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei para garantir a prestación das especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia

[87555](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación con modificacións

- 29544 (09/PNC-002455)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación coa decisión da Unión Europea de prohibir a práctica do corte de aletas de escualos en fresco, ou *finning*, e o seu impacto para a frota palangreira galega

[87558](#)

Rexeitamento das iniciativas

- 7411 (09/PNC-000611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das obras previstas no proxecto de ampliación e mellora do porto de Cabo de Cruz [87559](#)

- 28622 (09/PNC-002389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a modificación da normativa europea que regula a nova etiquetaxe dos produtos da pesca e da acuicultura [87559](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Decaemento en Comisión

- 28343 (09/POC-004048)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a información emitida pola CRTVG en relación co primeiro caso de contaxio de ébola no territorio español [87559](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei para garantir a prestación das especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei para garantir a prestación das especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei para garantir a prestación das especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre a Proposición de lei para garantir a prestación das especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición e das emendas ao articulado presentadas polos grupos parlamentarios, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. A proposición de lei de iniciativa lexislativa popular –presentada pola súa comisión promotora– tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 12 de xullo de 2013, co número de rexistro de entrada 9964. Contén o texto articulado e a exposición de motivos desta iniciativa así como as razóns que aconsellan a súa tramitación.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 31 de xullo de 2013, admitiu a trámite esta iniciativa, declarou constituída a súa comisión promotora e acordou notificar este acordo á comisión promotora e á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reguladora da iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 150, do 30 de agosto de 2013).

1.3. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 30 de xaneiro de 2014, tomou coñecemento das sinaturas acreditadas ante a Xunta Electoral de Galicia e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (núm. 231, do 5 de febreiro de 2014).

1.4. O Pleno do Parlamento tomouna en consideración na sesión do día 25 de marzo de 2014, logo da súa presentación e defensa por don Vicente Quiroga Rodríguez, designado pola comisión promotora para estes efectos.

1.5. A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na súa sesión do día 1 de abril de 2014, asignou a súa tramitación á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o día 23 de abril de 2014. As emendas parciais, cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 27 de maio de 2014, e publicadas no BOPG núm. 298, do 30 de maio de 2014, son un total de sete:

— Unha do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 22542)

— Seis do G.P. Popular de Galicia (doc. 22551)

2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

2.1. Constitución e composición da Ponencia.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 4 de xuño de 2014, designou os seguintes ponentes:

G.P. Popular de Galicia

D. Miguel Ángel Santalices Vieira (titular)

D. Jaime Íñiguez Martínez (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia

Dª Concepción Burgo López (titular)

Dª Carmen Acuña do Campo (suplente)

G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

Dª Eva Solla Fernández (titular)

D. Ramón Vázquez Díaz (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego

D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez (titular)

Dª María Montserrat Prado Cores (suplente)

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 20 de xuño de 2014, coa presenza da presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, Sra. Rodríguez Arias, e a asistencia dos ponentes titulares, Sr. Santalices Vieira, Sra. Burgo López, Sra. Solla Fernández e Sr. Pombo Rodríguez.

A segunda reunión tivo lugar o día 30 de xuño de 2014, coa asistencia dos ponentes e das ponentes titulares, co obxecto de organizar o traballo e proceder ao exame das emendas presentadas e o texto da proposición de lei.

Na reunión do día 28 de novembro de 2014, coa presenza da presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e a asistencia da ponente e dos ponentes Sr. Santalices Vieira, Sra. Burgo López, Sr. Vázquez Díaz e Sr. Pombo Rodríguez, a Sra. presidenta da Comisión impulsou o traballo desta Ponencia. Neste punto a Sra. Burgo López, o Sr. Vázquez Díaz e o Sr. Pombo Rodríguez reiteran a súa desconformidade total con este atraso, que cualifican de inxustificable. O Sr. Santalices Vieira, pola súa parte, asume

a responsabilidade do atraso pola complexidade do obxecto desta proposición.

Por último, elaborouse o informe co posicionamento sobre as emendas presentadas.

2.3. Elaboración do informe

Como resumo do seu labor, a Ponencia, por maioría –co posicionamento a favor do ponente do grupo parlamentario Popular de Galicia e en contra da ponente e dos ponentes dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego–, formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

1. A aceptación das emendas núms. 1 a 6 do G.P. Popular de Galicia, coa incorporación dunha emenda técnica consistente en substituír a referencia ao “artigo 31” polo “artigo 32”, obxecto do artigo único.

2. O rexeitamento da emenda núm. 1 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

4. Texto articulado do Informe

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Exposición de motivos

O Sistema público de saúde de Galicia ten como principios reitores, entre outros, o de universalidade do dereito aos servizos e ás prestacións de cobertura pública, o de promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso e na prestación dos servizos e o de adecuación das prestacións sanitarias ás necesidades da poboación.

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, ten como obxectivo fundamental establecer as garantías de prestacións sanitarias, en relación co exercicio polos pacientes dos dereitos, de establecemento de demoras máximas nos tempos de resposta, a libre elección de persoal sanitario en atención primaria e de hospital na atención especializada, a dispoñer dunha segunda opinión médica, a mani-

festar as instrucións previas e á información sobre os dereitos e os deberes en relación coas prestacións sanitarias.

A equidade no acceso aos servizos sanitarios é un dos principios básicos do sistema sanitario de Galicia e supón prestar a atención sanitaria que precisan os cidadáns, dunha forma igualitaria, independentemente de factores sociodemográficos como o nivel de renda, a idade, o sexo ou o lugar de residencia.

É evidente que, no caso da equidade no acceso á asistencia sanitaria, debe existir unha relación moi clara coas normas de calidade na prestación de servizos sanitarios. Este é un aspecto fundamental que debe considerarse, tendo en conta que cada vez existe unha maior especialización na atención sanitaria, o que exige, para determinadas actividades clínicas, agrupar un volume de casos suficiente para que os profesionais sanitarios poidan desenvolver a súa actividade nunhas condicións óptimas.

Por iso, é preciso subliñar que as condicións de prestación da atención sanitaria, en xeral, e de determinados servizos especializados, en particular, deben ter como obxectivo fundamental mellorar as condicións de calidade, efectividade e seguridade na atención sanitaria dos pacientes.

En Galicia existe, desde o ano 2005, un programa autonómico de asistencia en rede ao infarto agudo de miocardio (IAM), coñecido como PROGALIAM. Trátase dunha iniciativa que naceu do convencemento de que a angioplastia primaria era a mellor estratexia para a reperfusión dos pacientes con IAM e incluíu unha serie de particularidades que a fixeron pioneira en moitos aspectos, implementando, nese momento, estratexias que hoxe en día aparecen xa como recomendacións nas recentes guías europeas.

O programa supuxo un esforzo conxunto de distintas unidades e estruturas do sistema sanitario, co obxectivo principal de diminuír, desde o inicio, a mortalidade e a morbilidade, mellorando a expectativa de calidade de vida do paciente con infarto, e promover a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario, para reducir a variabilidade no uso de recursos e tecnoloxías diagnósticas e terapéuticas.

O principal reto do programa foi paliar a dispersión poboacional da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha rede de

asistencia prehospitalaria rápida e eficaz, de modo que fose posible realizar os traslados desde calquera punto da xeografía galega a un centro de intervencionismo en menos de 120 minutos.

Así mesmo, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, nun traballo realizado con profesionais e sociedades científicas, formulou recomendacións sobre a concentración adecuada dos procedementos de alta complexidade e cualificación técnica para facelos máis eficientes e seguros.

De acordo con estas recomendacións, púxose en funcionamento recentemente unha nova sala de cardiología intervencionista no Hospital Lucus Augusti de Lugo (HULA), que forma parte da área de servizo compartido para a área norte.

Parece oportuno, polo tanto, que se recolla, entre as garantías de que dispoñen os usuarios, a do dereito de acceso ás prestacións sanitarias en condicións de equidade en relación coa distribución territorial e coa liberdade de elección do paciente, establecido no artigo 11 e seguintes da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Para estes efectos, a Lei establece que deberán adoptarse por parte da Administración sanitaria as medidas oportunas, nas que se incluírán os recursos necesarios para que a poboación galega dispoña de acceso aos procedementos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear, en condicións de calidade, efectividade e equidade.

En consecuencia, modifícase a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, coa finalidade indicada, engadindo o capítulo VII, coa rúbrica de “Disponibilidade de determinados servizos asistenciais”, e un novo artigo, o 32, coa rúbrica de “Garantía de disponibilidad de determinados servizos”.

A Lei componse, en definitiva, dun artigo único e tres disposicións derradeiras.

Artigo único Engádese un novo capítulo VII, cun novo artigo 32, á Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que terá a seguinte redacción:

«CAPÍTULO VII

Dispoñibilidade de determinados servizos asistenciais

Artigo 32. *Garantía de dispoñibilidade de determinados servizos asistenciais*

A Administración autonómica disporá as medidas oportunas e os recursos económicos, humanos e materiais necesarios para que todas as provincias galegas dispoñan de procedementos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear, garantindo a equidade na prestación e a libre elección do usuario.

En calquera caso, a prestación destes servizos deberase levar a cabo tendo en conta as condicións de calidade, efectividade e seguridade da atención sanitaria dos pacientes e o mellor aproveitamento das salas de hemodinámica existentes.»

Disposición derradeira primeira. *Efectividade do servizo*

A garantía de dispoñibilidade de determinados servizos asistenciais aos que se refire o artigo 32 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, será efectiva nun prazo máximo de dezaoto meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Derradeira segunda bis. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira
Concepción Burgo López
Eva Solla Fernández
Cosme Eladio Pombo Rodríguez

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 28 de novembro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso**1.3.6. Proposicións non de lei****1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO****Aprobación con modificacións**

- 29544 (09/PNC-002455)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación coa decisión da Unión Europea de prohibir a práctica do corte de aletas de escualos en fresco, ou *finning*, e o seu impacto para a frota palangreira galega BOPG nº 369, do 06.11.2014

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 12 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que:

1º. Impulse as iniciativas que estime axeitadas, ante os organismos comunitarios e internacionais, na procura de estender a prohibición da práctica do corte de aletas de escualos en fresco, tamén ás frotas de terceiros países competidores.

2º. Promova a introdución de medidas de flexibilización no regulamento comunitario vixente, de tal xeito que se autoricen fórmulas, acordadas cos representantes da frota palangreira, que dean maior rendibilidade á frota.

3º. Solicite da Unión Europea e do propio Goberno central o aumento do control nos mercados dos produtos procedentes da pesca que cheguen aos portos europeos, que procedan de

países extracomunitarios e que non aceptan as medidas de conservación que garantan unha actividade pesqueira sustentable.»

Rexeitamento das iniciativas

- 7411 (09/PNC-000611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das obras previstas no proxecto de ampliación e mellora do porto de Cabo de Cruz
BOPG nº 102, do 15.05.2013

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 28622 (09/PNC-002389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a modificación da normativa europea que regula a nova etiquetaxe dos produtos da pesca e da acuicultura
BOPG nº 360, do 23.10.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG, na reunión do 28 de novembro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Decaemento en Comisión

- 28343 (09/POC-004048)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre a información emitida pola CRTVG en relación co primeiro caso de contaxio de ébola no territorio español
BOPG nº 358, do 16.10.2014

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727